

Texto: **PHILIP PULLMAN**

Tradución: **FERNANDO MOREIRAS**

Deseño: **MARC TAEGER**

Encadernado en cartón. 15x19,5 cm. Narrativa K.

-“A aurora boreal”: ISBN 978-84-96957-17-6. 340 páxinas. 16 €

-“O coitelo sutil”: ISBN 978-84-96957-52-7. 272 páxinas. 16 €

-“O anteollo de ámbar”: ISBN 978-84-96957-71-8. 432 páxinas. 20 €

Triloxía A MATERIA ESCURA

Estrañas desaparicións. Unha nena moi especial. Un segredo desvelado. Unha arriscada misión de rescate. Marabillosos enxeños. Mundos paralelos. Aliados e inimigos... Son algúns dos ingredientes de “A aurora boreal”, ambientada na época victoriana, onde mandaban os férreos corsés da moral e as crenzas. Esta obra aporta certas doses de rebeldía: introduce elementos filosóficos, curiosidade científica e dúbidas existenciais que cuestionan as convencións establecidas. A loita entre o ben e o mal, o afán de coñecemento e a valentía son a chave para que mozos e adultos compartan este interesante desafío.



Novas e poderosas forzas entran en acción no segundo volume, “O coitelo sutil”, tecendo unha emocionante rede de historias que se mesturan no tempo e no espazo con gran dinamismo e orixinalidade argumental. Os protagonistas, Lyra e Will, viaxan de mundo en mundo e descubren un segredo: un obxecto de poder extraordinario e devastador. Pouco a pouco achegaranse a ameazas cada vez maiores e á sorprendente verdade dos seus destinos...

Na terceira entrega, irán atopando todas as respostas aos enigmas que os envolven, e descubrirán por que foron eles os elixidos para desvelar o gran segredo. Despois da gran guerra terán que afrontar o seu propio destino. Os 38 capítulos deste libro van encabezados por citas de autores e obras senlleiras, o que lle confire un maior calado intelectual.

A saga “A materia escura” converteuse nunha obra de referencia en todo o mundo grazas á mestría e á poderosa imaxinación do autor. A triloxía situouse no terceiro posto da enquisa ‘The Big Read’, que organizou en 2003 a cadea BBC para coñecer os gustos literarios dos británicos. “A aurora boreal” foi galardoada en 1995 coa prestixiosa Medalla Carnegie. “O coitelo sutil” recibiu o premio ‘Parent’s Choice Gold Book Award’, o premio da Asociación de Bibliotecarios Americanos ao Mellor Libro Xuvenil, e o premio ‘Publisher’s Weekly Best Book of the Year’, entre outros. “O anteollo de ámbar” foi distinguido co Whitbread Book of the Year 2001.

PHILIP PULLMAN (Norwich, Gran Bretaña, 1946)

Estudou Literatura na Universidade de Oxford. Impartiu clases no Westminster College antes de adicarse exclusivamente á narrativa. A súa produción, traducida a varias linguas, inclúe novelas históricas, libros xuvenís contemporáneos, relatos fantásticos para o público infantil, contos... Pullman foi distinguido en 2005 co premio Memorial Astrid Lindgren. Tamén se lle concedeu o Premio de Literatura Infantil Guardian, o ‘Smarties Award’ e o ‘Elinor Farjeon Award’.



- **Temática:** novela fantástica de aventuras
- **Idade:** dende 12 anos
- **Aspectos destacables:** introdución a conceptos filosóficos e científicos; emoción e perigo; viaxe imaxinaria a unha dimensión descoñecida.